

XII XORNADAS DA MULLER

DE 09:45 A 10:00

Recepción e entrega de material.

DE 10:00 A 11:30

A interseccionalidade de xénero como enfoque coeducativo

María Rúa Junquera, licenciada en xornalismo, especialista en xénero e relacións internacionais.

A interseccionalidade de xénero pretende ser unha ferramenta útil para traballar as diferentes discriminacións que se producen simultaneamente sobre unha mesma persoa e que tan frecuentes son nas aulas, buscando novas propostas e solucións. Trataremos de afondar nas relacións de poder que xera a desigualdade de xénero –valéndonos da coeducación– para introducirnos nos choques con outras desigualdades como a lingua, a etnia ou raza, a orientación sexual, a discapacidade ou a posición económica.

DE 11:30 A 13:00

Violencia nas relacións de parella dos/as adolescentes. Deconstrución dos mitos do amor.

Yolanda Rodríguez Castro, profesora axudante doutora. Facultade de Ciencias da Educación, Campus de Ourense.

A violencia nas relacións de parella dos e das adolescentes estase convertendo nun problema social incipiente que cada vez preocupa máis aos pais e nais así como ao colectivo docente. A violencia nas relacións de parella vai asociado a aceptación por parte dos e das mozos/as aos mitos do amor como o dos ciúmes, a media laranxa, o da ominipotencia ou da paixón eterna. Polo tanto, como unha medida de prevención fronte á violencia nas relacións de parella dos e das mozas, é importante traballar para eliminar os estereotipos de xénero e chegar a unha reformulación do amor para que non se confunda con posesión, anulación, control e violencia.

DE 13:00 A 14:30

Envíame unha foto sexy? Sexting e riscos emerxentes na rede.

Patricia Alonso Ruído, licenciada en Ciencias da Educación, Campus de Ourense.

En pleno século XXI Internet e as tecnoloxías da comunicación e a socialización representan un universo de oportunidades para a educación, a cultura e/ou o ocio das persoas, especialmente para os e as adolescentes, verdadeiros/as nativos/as dixitais. Non obstante tamén emerxen perigos como o Sexting, fenómeno que é importante analizar en profundidade para poder prever as súas consecuencias (sextorsion, grooming ou cyberbullying) e deste xeito ofrecer as claves para a súa comprensión e resposta psico-socioeducativa, dando resposta á necesidade de formación non só do estudiantado, senón do conxunto de profesionais e docentes.

DE 16:30 A 18:00

O sexismo nas revistas para adolescentes. Recursos para unha lectura crítica

Belén Puñal, xornalista.

A violencia de xénero é o brazo armado do patriarcado, mais o seu substrato ideolóxico aniña nos valores que día a día se nos transmiten, de modo eficaz a través dos medios de comunicación e, en especial, a través dun produto mediático, as revistas para adolescentes, tinguidas de roles sexistas. Contan con grande éxito nun segmento de idade moi sensible ao afianzamento de roles de xénero, no que, ademais, se estabelecen os primeiros contactos coa sexualidade e as relacións de parella. Revisaremos, con perspectiva de xénero, os contidos das revistas con máis éxito na actualidade entre adolescentes e achegaremos recursos didácticos para analízalas de modo crítico nas aulas.

DE 18:00 A 19:30

Construción dos estereotipos de xénero nos medios e a súa deconstrución nas aulas.

Rocío Fraga Sáenz, socióloga e formadora, especialista en xénero.

O cine, a televisión, a publicidade, os videoxogos... constrúen e sosteñen un imaxinario que consolida, na maioría dos casos, relacións de desigualdade mediante a creación de estereotipos. É importante coñecer como se produce esa construción para xerar ferramentas que axuden ao profesorado a deconstruír os estereotipos e así o alumnado adquiera unha consciencia de xénero que reproduza prácticas máis igualitarias. Para acadar o obxectivo e tender a un sistema que aposte pola coeducación é imprescindible dotar ao profesorado de ferramentas de análise que lle permitan traballar co alumnado desde relacións empáticas e construtivas así como coñecer recursos que poidan apoiar ese labor.

DE 19:30 A 20:00

Debate

20:00

Clausura

SÁBADO 14 DE MARZO DE 2015

_Solicitada a homologación por 8 horas lectivas

_Prezos:

Socios/as da AS-PG e afiliad@s da CIG: 10€

Parados/as: 20€

Normal: 30€

_A matrícula realizarase na web www.as-pg.com e www.cig-ensino.com, apartado de Formación.

_O número de prazas é limitado e cubrirase por rigorosa orde de inscrición tendo en conta que hai unha reserva máxima dun 30% para aquelas persoa que nunca traballasen como docentes para a Consellería de Educación.

ORGANIZA:

